

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 25 de maio de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 25/05/2021
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 25/05/2021
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Acordos de departamentos en relación ao traslado de titulacións/centros á cidade
- V. Informe de Revisión pola Dirección do curso 2019/2020
- VI. Interese na participación nas titulacións de master a implantar no SUG no período 2022-26.
- VII. Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- VIII. Calendario de Traballo Fin de Grao
- IX. Calendario de Traballo Fin de Máster
- X. Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- XI. Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- XII. Procedemento do SGIC DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo
- XIII. Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola: rexistro R1-DE02 P1 Panel de indicadores.

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 3 de marzo de 2021.**

O borrador da acta enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. Ratificación, se procede, do acordo de modificación de calendario de exames aprobado na Comisión Permanente do 17 de marzo de 2021.

A Presidenta sinala que é unha cuestión moi puntual; na Comisión Permanente celebrada o 17 de marzo aprobouse unha pequena modificación no calendario de exames para poder acoller no centro a celebración das probas ABAU. Indica as materias afectadas, aclara que os cambios foron consensuados previamente coa Delegación de Alumnado e o profesorado afectado e solicita a ratificación do cambio.

Se ratifica por asentimento a modificación do calendario.

4. Aprobación, se procede, da modificación na composición da Comisión de Divulgación.

A Presidenta comenta a proposta de composición da Comisión de Divulgación e agradece a Santiago Domínguez, Raul Figueroa e Carmen Filgueira a súa participación na Comisión do curso 2020/21 e ás persoas que van participar na Comisión no curso 2021/22.

Composición
José Santiago Pozo Antonio (presidente)
Bolseiros/as de formación en actividades de difusión (2)
Bienvenido Diez Ferrer
Iván Garrido González
Ana Larrañaga Janeiro
Roi Otero Alonso
Carlos Pérez Collazo
Raquel Pérez Orozco
Teresa Rivas Brea
Benito Vázquez Dorrió
María Pazo Rodríguez
Xurxo Rigueira Díaz

A Xunta de Escola aproba por asentimento a nova composición da comisión.

5. Aprobación, se procede, do rexistro do SGIC R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2019-2020).

A Directora aclara que o IRPD (Anexo V) é o documento clave do sistema de calidade do centro; trátase dun informe relevante no que se revisa o funcionamento global do centro e as titulacións, que se achegou con antelación aos membros da Xunta de Escola e que foi aprobado pola Comisión de Calidade o 24 de maio.

A continuación comenta a estrutura xeral do informe, que é a mesma dos anteriores, e sinala os seus principais aspectos.

Aclara que se foi acumulando un número excesivo de accións de mellora abertas polo que o plantexamento neste informe vai na liña de pechar accións de mellora, avanzar nas que están abertas (priorizando as de captación) e soamente definir as novas que sexan imprescindibles. Lembra tamén a excepcionalidade do curso avaliado debido a situación producida pola COVID-19 (docencia non presencial, avaliación en liña, etc.).

A continuación sinala os principais indicadores, comentando os seus datos e facendo unha breve análise.

Sección relativa ao Centro

A Directora sinala que se revisaron con detalle as accións de mellora que estaban abertas e a única nova acción de mellora proposta é o Plan Estratéxico do Centro, que se declara como acción prioritaria.

Sección relativa ao Grao ERME

Comenta a evolución dos resultados, salientando o problema das taxas de ocupación e abandono. Sinala que os indicadores de valoración da actividade docente melloran case que todos e algúns son os máis altos da universidade. A conclusión podería ser que poucos estudantes elixen este grao pero os que o fan están contentos e que necesariamente hai que continuar coas iniciativas de difusión e promoción para captar máis alumnado. Destaca os resultados da enquisa realizada ao estudantado para avaliar a resposta ante a situación xerada pola COVID-19: a valoración no Grao ERME é mellor que no ámbito, centro e universidade.

Sección relativa ao Grao EE

Sinala que na valoración do grao de satisfacción aumentou o grao de satisfacción hai ítems con valoracións moi altas e outras no tanto. Sinala o dato da baixada da taxa de graduación, aínda que é un dos valores mellores do ámbito e sinala que se terá que facer un seguimento deste indicador, para valorar si foi consecuencia das circunstancias excepcionais da alarma sanitaria ou non. A Directora comenta os principais epígrafes, a evolución dos resultados e as valoracións dos mesmos. Destaca o estado das accións de mellora anteriores e indica que non se propoñen novas accións de mellora.

Sección relativa ao MUEM

Destaca os mellores resultados nas enquisas que no curso anterior e na enquisa COVID os mellores da UVIGO.

Remata a presentación do IRPD coa lectura das conclusións e acordos recollidos na proposta do IRPD.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2019/2020.

A Directora agradece a Guillermo García, Coordinador de Calidade, o traballo realizado na coordinación na elaboración do documento.

6. Aprobación, se procede, do interese na participación nas titulacións de máster a implantar no SUG no período 2022-26.

A Directora informa sobre o contido o documento *“Propuesta de nuevas titulaciones para el SUG 2030”* que recolle a proposta de titulacións de máster que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere implantar no SUG e sinala os seus principais aspectos. Comenta tamén a iniciativa parlamentaria PP-PSOE (9558 - 11/PNC-000989) do 28 de febreiro e aclara que, dende a VOAP, pediuse a centros e departamentos a expresión aberta de declaracións de interese. Engade que nos próximos días terá lugar unha reunión das tres universidades galegas sobre o tema.

Sinala que se achegaron ao centro diferentes declaracións de interese tanto de PDI a título particular como de áreas ou departamentos. Amosa as táboas resumo destas declaracións e sinala os principais aspectos das diferentes expresións de interese achegadas.

A idea é recoller e trasladar á VOAP unha primeira información. O obxectivo é que todos os membros da Xunta de Escola estean informados deste tema sen que sexa necesario polo de agora chegar a un acordo formal sobre o grao de participación, senon trasladar o interese e potencial de participación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento trasladar os intereses de participación en base ao recollido no Anexo VI a este acta.

7. Aprobación, se procede, do Calendario Escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2021-2022.

A Directora amosa o calendario, que se basea no que xa foi aprobado pola Universidade. Sinala as datas de comezo do curso, e comenta brevemente a proposta de calendario escolar para as titulacións de grao (Anexo VII) que foi achegada con antelación aos membros da Xunta de Escola.

A continuación comenta o calendario do Máster sinalando que este curso propónse iniciar os dous cursos o mesmo día.

A Xunta de Escola aproba a proposta de calendarios por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

8. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2021-2022.

A Directora comenta a proposta (Anexo VIII) e indica as datas límite dos procedementos de TFG (hai 4 convocatorias: outubro, febreiro, xuño e xullo).

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

9. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2021-2022.

A Directora comenta brevemente o calendario de Traballo Fin de Máster aprobado na Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas que está incluído no calendario escolar das titulacións do centro (Anexo IX).

Sinala a posibilidade de solicitar convocatoria adelantada si finaliza no primeiro cuadrimestre e resolvería a CAM proponendo unha data (por iso non se inclúe convocatoria fin de carreira).

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

10. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2021-2022.

A Directora reconece públicamente o traballo de María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, consensuando a proposta co alumnado e co profesorado (Anexo X).

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

11. Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2021-2022.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación Organización Académica, que comenta que o calendario de exames (Anexo XI) parte dunha proposta da Delegación de Alumnado e inclúe algúns cambios, propostos por ela, para solucionar algúns solapes e problemas de espazos que atopou na proposta. Explica brevemente os cambios propostos e aclara que no calendario están subliñados os exames que están previstos a horas non habituais para solucionar algúns solapes. Sinala que a columna marcada noutra cor corresponde as materias de primeiro do plan vello e indica que, para facilitar o labor do profesorado e a xestión, as fixo coincidir na medida do posible coas materias equivalentes do plan novo.

Sinala que non se inclúe as datas dos exames da convocatoria fin de carreira porque a planificación farase en canto se dispoña dos datos de matrícula. Propón incluír no calendario unha táboa sen datas cunha nota aclaratoria neste senso.

Pide desculpas por telo enviado tan tarde; sinala que a proposta de Delegación chegou bastante tarde e non deu moito tempo para a súa revisión. Comenta os códigos de cores e os obxectivos cos que se deseñou o calendario, e sinala os defectos que atopou e as súas propostas de mellora. Tras un breve debate propónse analízalo con máis calma, axustalo ben e delegar a súa aprobación na Comisión Permanente.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta coa Delegación da aprobación da versión final na Comisión Permanente.

A Directora agradece a María Araújo e a Delegación de Alumnado o traballo realizado.

12. Aprobación, se procede, do novo procedemento do SGIC DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

A Directora comenta que o novo procedemento de calidade “*DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo*” é unha actualización do procedemento anterior fundamentalmente para incorporar o tratamento das necesidades específicas de apoio educativo; deste xeito aglutina ao PAT e a ANEAE. Foi elaborado pola Área de Calidade e a súa versión definitiva, tras varias revisións, ten data do 3 de marzo de 2021. Agora hai que aprobalo no centro e, posteriormente, elaborar o PAT-ANEAE do centro para o curso 2021/2022.

O documento marco do novo procedemento foi modificado levemente pola Dirección para melloralo e personalizalo para o noso centro e enviouse previamente aos membros da comisión (ANEXO XII).

A Directora explica brevemente o procedemento e o anexo – guía de elaboración do PAT-ANEAE. Apróbase por asentimento o procedemento.

13. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora sinala que este documento (Anexo XIII) foi aprobado na Comisión de Calidade do 24 de maio:

➤ R1-DE02 P1 Panel de indicadores do procedemento DE02 Seguimento e Medición

A Directora sinala que fai pouco tempo dende a última revisión e actualización do Panel de Indicadores pero durante a elaboración do IRPD, atopouse que a definición do indicador I01-AC: *"Nota media de acceso de estudantes que solicitan o acceso (en primeira preferencia) a unha titulación T"*, aínda que é coincidente coa definición da CRUE, non concorda coa definición no Catálogo de indicadores de Uvigo:

- Poboación de referencia. *Estudantado que inicia estudos de grao e máster. Infórmase tanto sobre o estudantado que accede por primeira vez ao sistema universitario, como de aqueles que proceden doutra titulación e os que realizan traslado de expediente dende planes de estudos anteriores ao proceso de Bolonia...*
- Formulación. *Media das notas do estudantado que accede por primeira vez á titulación detallada por perfil de acceso.*

Por elo propónse adaptar o indicador no panel do centro á definición e os cálculos que proporciona o Portal de Transparencia da UVIGO.

A Xunta de Escola aproba por asentimento.

14. Rogos e preguntas.

Alejandro Casal informa sobre as sudadeiras de delegación (unhas 80 peticións) e sinala que cando cheguen o publicarán en RRSS. Agradece a colaboración do profesorado. Por outra parte, pide que non se modifiquen tanto os horarios ao longo do curso como este ano porque fai que sexa difícil a organización do alumnado.

A Directora recolle o rogo.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 3 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e cinco de maio de dous mil vinte e un.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 25/05/2021

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o martes, 25 de maio de 2021, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda.

A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos na orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria, celebrada o 3 de marzo de 2021.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Ratificación, se procede, do acordo de modificación de calendario de exames aprobado na Comisión Permanente do 17 de marzo de 2021.
- 4) Aprobación, se procede, da modificación na composición da Comisión de Divulgación.
- 5) Aprobación, se procede, do rexistro do SGIC R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2019-2020).
- 6) Aprobación, se procede, do interese na participación nas titulacións de máster a implantar no SUG no período 2022-26.
- 7) Aprobación, se procede, do Calendario Escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2021-2022.
- 8) Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2021-2022.
- 9) Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2021-2022.
- 10) Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2021-2022.
- 11) Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2021-2022.
- 12) Aprobación, se procede, do novo procedemento do SGIC DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.
- 13) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 14) Rogos e preguntas.

Vigo, 18 de maio de 2021

O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa contrasinal 1DL6QsL (eLe-De-ElE-De-6-Qu-ese-ElE) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prézase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 25/05/2021

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 25/05/2021

Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Araújo Fernández, María
3. Arias Sánchez, Pedro
4. Cabeza Simó, Marta
5. Conde Fontenla, Marcos
6. Deive Herva, Francisco Javier
7. Domínguez Santiago, Ángeles
8. Eguía Oller, Pablo
9. Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
10. García Bastante, Fernando
11. García Lomba, Guillermo
12. Giráldez Pérez, Eduardo
13. González Rodríguez, Elena
14. Liz Marzán, Eduardo
15. Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
16. Martínez Sánchez, Joaquín
17. Patiño Vilas, David
18. Pérez Pérez, M^a Carmen
19. Rivas Brea, Teresa
20. Rodríguez Rodríguez, Ana María
21. Saavedra González, Ángeles
22. Taboada Castro, Javier
23. Vázquez Dorrió, José Benito
24. Vijande López, Javier
25. Villanueva Torres, Daniel

Alumnado

26. Alonso Rodríguez, Noelia
27. Andrés Herguedas, Laura
28. Bastos Recarey, Pedro
29. Caride Pérez, Marta María
30. Casal Barreiro, Alejandro
31. Cuñado Juncal, Iago
32. Domínguez Blanco, Santiago
33. Marcelino Rosa, Luis Henrique
34. Montenegro Vázquez, Iván

Persoal de Administración e Servizos

35. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculparon a súa ausencia:

- Alejano Monge, Leandro
- Pozo Antonio, José Santiago
- Rodríguez Liñares, Leandro

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Acordos de departamentos en relación ao traslado de
titulacións/centros á cidade

ANEXO V

Informe de Revisión pola Dirección do curso 2018/2019

ANEXO VI

Interese na participación nas titulacións de master a implantar no
SUG no período 2022-26

ANEXO VII

Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría
de Minas e Enerxía

ANEXO VIII

Calendario de Traballo Fin de Grao

ANEXO IX

Calendario de Traballo Fin de Master

ANEXO X

Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de
Minas e Enerxía

ANEXO XI

Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de
Enxeñaría de Minas e Enerxía

ANEXO XII

Procedemento do SGIC DO-0203 Orientación ao alumnado e
atención ás necesidades específicas de apoio educativo

ANEXO XIII

Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola: rexistro
R1-DE02 P1 Plan de indicadores